



Concello de Vilar de Barrio

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A SELECCIÓN DE 1 TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello de 1 traballador/a social, a xornada completa, para desempeñar as funcións propias do posto na entidade local dentro do Departamento de Servizos Sociais.
2. As funcións serán ás propias do posto do traballador/a social:

Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.

Axuda á integración e mellora da calidade vida e participación social da veciñanza procurando previr situacións de exclusión social ou vulnerabilidade.

Xestión e tramitación administrativa de expedientes relativos a axudas ou prestacións sociais.

Solicitude e tramitación de expedientes de subvencións en materia de servizos sociais.

Tramitación de programas relacionados cos servizos sociais financiados polo Estado, Xunta ou Deputación.

Xestión e coordinación do servizo de axuda no fogar, prestación básica e dependencia.

Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e vencellada co eido competencial no que se integra.

3. O contrato estará condicionado á subvención que se reciba da Xunta de Galicia para dita finalidade a través da normativa reguladora dos servizos sociais comunitarios.
4. Carácterísticas do posto de traballo:
 - Número de postos de traballo: UN (1).
 - Clase: Persoal Laboral
 - Nivel de titulación mínima esixido: Diplomatura ou Grao en Traballo Social.
 - Denominación do posto: Traballador/a Social.
 - Funcións: As correspondentes a un/unha Traballador/a Social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos
 - Xornada: A tempo completo.
 - Retribucións: 27.810,58 euros/anuais

Segunda.- Duración do contrato.

O contrato será a xornada completa, por substitución, con duración ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, de conformidade co disposto na disposición Adicional 4ª do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.





Concello de Vilar de Barrio

Terceira.- Condicións e requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- A. Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- B. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- C. Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Diplomatura ou Grao en Traballo Social. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.
- D. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, debendo posuír a aptitude psicofísica precisa e a compatibilidade da súa capacidade ou discapacidade para o normal desempeño das funcións e tarefas do posto de traballo ao que corresponden as prazas convocadas, con independencia das adaptacións no posto de traballo que, a teor da vixente normativa de prevención de riscos laborais resulte necesario levar a cabo para garantir a protección das persoas fronte aos riscos derivados do traballo.
- E. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.





Concello de Vilar de Barrio

- F. Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- G. Acreditación do coñecemento do galego: As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente, deberán facer unha proba que se valorará co resultado de apto/a ou non apto/a.
- H. Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de traballador/a social antes relacionada.
- I. Contar con certificación negativa de delitos sexuais de acordo co disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento civil.
- J. Estar en posesión do permiso de conducir clase B en vigor.

Todos os requisitos deberanse posuír como data límite ao último día do prazo de presentación de instancias e manterse no momento da formalización do contrato laboral temporal.

Cuarta.- Méritos que se valoran.

A selección dos aspirantes realizarase por concurso de méritos e farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

1.- Por experiencia profesional: Ata un máximo de 11 puntos.

- Por servizos prestados na Administración local, como traballador/a social: 0,15 puntos por mes completo.

- Por servizos prestados noutras Administracións Públicas, organismos públicos ou en calquera institución ou empresa privada, como traballador/a social: 0,10 puntos por mes completo.

Non se computará a experiencia profesional por períodos inferiores a un mes, considerándose tódolos meses de trinta días.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100% a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.





Concello de Vilar de Barrio

2. - Formación complementaria: Puntuación máxima: 3 puntos.

1- Pola participación, nos últimos cinco anos, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración Pública, incluídos os organizados por sindicatos, entidades sen ánimo de lucro e organizacións empresariais no marco dos Acordos Nacionais ou Autonómicos de Formación Continua e sempre que, a xuízo do tribunal, teñan relación coas funcións propias do posto:

- Cursos de duración de 20 a 49 horas: 0,20 puntos por curso.
- Cursos de duración de 50 a 99 horas: 0,40 puntos por curso.
- Cursos de duración de 100 a 250 horas: 0,60 puntos por curso.
- Cursos de máis de 250 horas: 0,80 puntos por curso.

A validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento en lingua galega non computará na fase de concurso.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Non se computarán cursos de menos de 20 horas nin xornadas, seminarios, congresos ou similares nin os certificados ou diplomas nos que non se especifique o programa formativo e a duración en horas da correspondente acción formativa. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles “cursos” cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

Para calcular a antigüidade dos cursos tomarase como referencia o último día do prazo de presentación inicial de instancias.

2- Goce de bolsas de colaboración ou práctica laboral en Administracións Públicas relacionadas co contido do posto convocado: 0,05 puntos por mes de prácticas ata un máximo dun (1) punto.

Acreditarase coa correspondente certificación da Administración Pública competente na que se indique o posto e a duración desta.

3. - Por coñecementos orais e escritos de lingua galega:

- a- Certificado de linguaxe administrativo, nivel superior: 1 punto.
- b- Certificado de linguaxe administrativo, nivel medio: 0,75 puntos.
- c- Celga 5 ou equivalente: 0,50 puntos.

Soamente se valorará o certificado do nivel máis alto que se acredite.





Concello de Vilar de Barrio

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida no punto 1, experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta o que obtivese maior puntuación no apartado 2, formación complementaria. En caso de persistir o empate, este resolverase mediante sorteo.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

Quinta.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se achega a estas bases e dirixiranse ao señor Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do concello ou polas outras formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no "Boletín Oficial da Provincia de Ourense".

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral do concello, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan a instancia por correo electrónico ao concello (notificaciones@vilardebarrio.gal) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. En caso contrario, de chegar a documentación ao Rexistro Xeral do Concello fóra de prazo, entenderase presentada fóra de prazo, quedando excluído/a do procedemento.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente.

As solicitudes axustaranse ao modelo que se inclúe nesta convocatoria como Anexo I.

A cada solicitude o/a candidato/a xuntará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a





Concello de Vilar de Barrio

ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-Declaración xurada de non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

-Título de Diplomatura ou Grao correspondente. Ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do título, cando aínda non se posúa fisicamente o mesmo.

- Documentación acreditativa da posesión do CELGA 4 ou validación ao mesmo nivel.

- As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da Administración Pública correspondente. Achegarán asemade o certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de traballador/a social.

- Certificado de delitos sexuais.

- Copia do carné de conducir.

-Documentación xustificativa dos méritos (acreditaranse por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, significándose que non se valorarán aqueles méritos que polo tribunal se considere que non estiveran suficientemente acreditados).

-Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame. Deberán aboar a taxa segundo o grupo ao que pertenza a praza á que aspira.

a) Categoría primeira: acceso a Corpos ou Escalas do grupo A ou categorías de persoal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo A subgrupos A1 e A2: cota de 40 euros.

Deberá ter en conta as bonificacións e exencións previstas na ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame. O pago poderá facelo no número de conta que lle será facilitado no concello.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada una das bases desta convocatoria.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó procedemento (no que respecta a requisitos obrigatorios para acceder á praza), que se fixará no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal, <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal>, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a





Concello de Vilar de Barrio

composición da comisión avaliadora, así como o lugar, data e hora de reunión da mesma para a valoración de méritos aportados e para a realización, no seu caso, da proba de galego.

➤ PROBA DE COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA.

Constará de dúas probas: Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal. Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego ao castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o coñecemento da lingua galega de acordo ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, que posúan o día da publicación desta convocatoria o Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Sexta.- Selección.

A designación dos membros da Comisión avaliadora deberá incluír a designación do Presidente, vogais e secretario.

Os membros da Comisión avaliadora deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada.

Para a válida constitución e actuación da Comisión avaliadora, requirirase a presenza de alomenos tres membros titulares ou suplentes con voto e sempre a presenza do Presidente e a do secretario.

O tribunal valorará a documentación presentada por cada un dos/as candidatos/as. Para valoralos méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias). En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas. Igualmente, se o Concello ten no seu poder documentación relativa á titulación ou formación de determinados candidatos que a presentaron en procesos selectivos anteriores, de conformidade co previsto no artigo 53.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, non terán obriga de presentala, facéndoo constar na súa solicitude de participación.

Elevarase á Alcaldía, ademais da acta da sesión, a proposta de contratación do aspirante que obteña maior puntuación, procedendo a Alcaldía ó nomeamento do aspirante seleccionado, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

1. Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e esesoramentos técnicos que teña por convenientes.
2. Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego.





Concello de Vilar de Barrio

Ata que se formalice o contrato, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

Sétima.- Formación de bolsa de traballo.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dalgún/ha profesional destas características pode acudir a ela para cubrir o posto se queda vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias; baixa, vacacións, permisos ou outros ceses temporais, renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba.

Entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó primeiro e soamente poderá seleccionarse ó seguinte a este, sempre e cando aquel rexeitase o posto.

As comunicacións para ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada” ou “non xustificada”.

Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo ou a renuncia dun contrato en vigor, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante informe ou parte médico), ou estar ocupado laboralmente (acreditado mediante contrato de traballo e/ou alta en calquera réxime da SS).

O/a candidato/a terá que achegar a documentación acreditativa das causas, antes do seguinte chamamento. Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, pasará a ocupa-lo último posto da lista.

A renuncia ao contrato ou rescindir o contrato laboral xa asinado antes da súa finalización sen causa xustificada producirá a exclusión da lista.

RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/as aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-Lexislativo 1/1995, do 2 de marzo e demais normas que sexan de aplicación.

Agás a convocatoria, que se publicará no BOP de Ourense, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica.

Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, ao ser definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer os seguintes recursos:





Concello de Vilar de Barrio

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases nos medios establecidos nelas.
- Opcionalmente, poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación das bases nos medios establecidos nelas. Os actos administrativos que se deriven das bases e da actuación do tribunal poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, a administración municipal poderá, se é o caso, revisar as resolucións dos tribunais, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O tribunal queda autorizado para aclarar as dúbidas que xurdan na interpretación destas bases no eido da súa aplicación ao proceso avaliador, así como, para tomar os acordos necesarios para o seu bo desenvolvemento, determinando o modo de proceder, nos casos non previstos.

Vilar de Barrio, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Manuel Conde Gómez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Vilar de Barrio

ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS DE 1 TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO

D/D^a. _____
con _____ DNI _____ n^o _____, con _____ enderezo
en _____ número _____ piso _____,
municipio _____ provincia _____,
teléfono _____ fax _____
correo electrónico _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Vilar de Barrio para a contratación laboral, por substitución, de 1 traballador/a social, a xornada completa, para realizar as tarefas propias da prestación do servizo social comunitario do Concello de Vilar de Barrio, DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo ó Concello de Vilar de Barrio para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal, <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal>, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Pola presente autorizo coa miña sinatura a cesión dos datos contidos na presente instancia e na documentación que se acompaña ao Concello de Vilar de Barrio a fin de que ese Concello poida utilizalos para todos os trámites relacionados directa ou indirectamente co presente proceso de selección, así como a xestión administrativa do mesmo. Igualmente autorizo ao Concello de Vilar de Barrio á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en todo caso durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas derivadas do presente proceso de selección.

Lugar e data

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO





Concello de Vilar de Barrio

ANEXO II

D/D^a. _____
con _____ DNI _____ n^o _____, con _____ enderezo
en _____ número _____ piso _____,
municipio _____ provincia _____,
teléfono _____ fax _____
correo electrónico _____

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;- no caso de ser nacional doutro estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 1 traballador/a social, a xornada completa, para realizar as tarefas propias da prestación do servizo social comunitario do Concello de Vilar de Barrio, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Lugar e data

Asdo.

